

## Os furados das brétemas

O espertador anuncia a fin do mundo.  
Mollamos o café no IPC da mañá  
e saímos co medo de regresar sen máis,  
de que só outros vexan vagalumes  
no medio do asfalto.

Chamamos confiados polo ascensor.  
Fuximos da escaleiras por temor  
a que leven a algures. A descubrir  
a inutilidade das tatuaxes e dos mapas.

Na rúa abrazamos o aire  
porque non hai quen nos abrace.  
Proxectamos sombras de cemento,  
construímos ao noso arredor cemiterios.  
As xoaniñas agora son grises  
e só se presentan previa cita.  
Todos escapamos de todos.

Nos furados das brétemas nacen sinfonías  
que xogan en randeeiras de cordas eléctricas.  
Sen director de orquestra, choutan mansas  
por carreiros onde se enzoufan de mentiras.

As solas dos zapatos esgazan páxinas  
preñadas de amianto e seguen camiñando,  
inocentes, regalando sorrisos, igual que  
o outono malvende as súas follas.

No supermercado, enlatamos infancias esquecidas  
en bolsas biodegradables de dobre capa.

Colocamos ao fondo o que fomos e respiramos  
aliviados, porque agora só hai caixas autoservizo.

Bip, bip. Ninguén que te xulgue.

Pase a tarxeta.

Grazas pola súa compra.

Volva cando queira,

repite a máquina.

Carrexamos baldes de derrota, pero  
sentimos o triunfo de que os sumidoiros  
arrastren o que nos sobra. A fealdade  
corre, soterrada, paralela aos nosos pasos.

As linguas transformáronse en dedos que non  
acariñan máis que unha pantalla agretada  
pola que se coa a envexa, en calidade 4K.

Oxalá o tacto para non vivir dentro doutros.

A gravidade queima co seu alento de derrota,  
de pensionista atrapado por cláusulas bancarias.

A supervivencia ten moito de causalidade.

Fuximos e miramos atrás mentres todo arde.

A billa cuspe soños, lapis de cores

que teñen un estraño sabor a cinsa.

Bebemos co resentimento de non imaxinar

novas nubes azuis sobre as que viaxar.

Sobre as que aniñar.

Sobre as que aguantar.

Sobre as que alentar.